

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 18 de xaneiro de 2021 polo que se somete a información pública a solicitude de modificación substancial da concesión outorgada á Asociación Sétima Lista Robaleira de Bueu para a construción e explotación de instalacións de atracada de embarcacións deportivas no porto de Bueu.

Logo de solicitude do concesionario, a presidenta de Portos de Galicia acordou o día 18.1.2021 iniciar o trámite de modificación da concesión outorgada á Asociación Sétima Lista Robaleira de Bueu para a construción e explotación de instalacións de atracada de embarcacións deportivas no porto de Bueu.

O concesionario propón realizar un investimento que ascende a un total de 255.439,78 € (IVE excluído), definido na documentación técnica achegada á solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público, para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>, usando o procedemento xenérico PR0004, ou nun rexistro habilitado para o efecto, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

